

Estimado equipo directivo, bo día

Tras a experiencia e a proposta trasladada no Pleno Infantil do pasado novembro de 2021, o Departamento de Educación do Concello de Coruña promove para este curso escolar 2022/2023 a posta en marcha do CONSELLO LOCAL DA INFANCIA DA CORUÑA (CLIAC)

O CLIAC é tanto un proceso como un programa de participación infantil dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria dos centros da Coruña, que desenvolveremos nos próximos meses.

Este proceso comezará liderado polo profesorado, que co apoio dunha guía didáctica traballará nas aulas contidos e dinámicas sobre dereitos da Infancia, participación cidadá e valores democráticos, facilitando que nenas e nenos comecen a valorar a participación cidadá e recoñezan a súa capacidade como axentes de cambio.

Dende aí, abriremos un proceso de candidaturas, para que, co apoio das súas compañeiras e compañeiros, nenas e nenos se animen a formar parte dun pequeno grupo estable de participación ao que acompañaremos en varias sesións de traballo en horario extraescolar, de xaneiro a abril de 2023, traballo que culminará coa constitución formal do propio Consello Local da Infancia da Coruña, o CLIAC. Este será o órgano dende o que nenas e nenas, representantes da infancia, trasladen periodicamente ao Concello necesidades, propostas ou suxestións sobre aquelas cuestións que lles afectan no día a día, exercendo así o seu dereito á participación.

Co obxectivo de explicar en detalle este proceso e resolver calquera dúbida, convidámosvos a unha sesión informativa en liña que terá lugar o próximo xoves 13 de outubro, ás 10:00 h. Poderedes acceder á sesión a través do seguinte [enlace](#). Pregámosvos que compartades este correo co profesorado de 5º e 6º do voso centro, xa que a súa participación activa no proceso será esencial para o seu éxito.

Con calquera dúbida estamos á vosa disposición en cliac@coruna.gal ou contactando co Departamento de Educación no 981 18 42 00 (ext. 12041 // 12047)

Recíbide un cordial saúdo.